

TLX-300

Ref: ISOSI-TLX-300



Vantaxes

A combinación da capacidade de medición de parámetros eléctricos coa de entradas e saídas, permite actuar dun xeito pre-establecido sobre cargas na instalación (por medio de contactores) en función do valor de algún dos parámetros. As entradas dixitais permiten detectar a presenza de tensión en circuitos eléctricos para detectar caídas de rede e tamén a conexión de detectores para monitorizar o acceso ás instalacións.

O módulo **UMES3xP** conéctase directamente co módem de comunicacións **GSM** para o envío de mensaxes de alarma fronte a aparición de anomalías.

1. O módulo **UMES3xP** é un medidor intelixente e un módulo de xestión de entradas e saídas dixitais. Como medidor é quen de monitorizar dun xeito eficaz os seguintes parámetros eléctricos:

- Tensión
- Corrente
- Corrente diferencial
- Potencia activa, reactiva e aparente
- Factor de potencia
- Frecuencia
- A nivel de entradas e saídas dixitais ten capacidade de xestionar 4 saídas dixitais e 2 entradas dixitais.

2. O módem **GSM/GPRS** posibilita o envío de mensaxes de alarma en tempo real por SMS fronte a calquera anomalía detectada polo módulo **UMES3xP**.

Características xerais

A configuración **TLX-M** está especialmente deseñada para a supervisión en modo local de instalacións.

Para a realización destas tarefas, o **TLX-M** está composto por unha serie de módulos electrónicos que se encargan de monitorizar o estado da instalación. Estes módulos son a **UMES3xP** e un módem de comunicacións **GSM/GPRS**.

Características técnicas

TLX-M

- Control e monitorización dos parámetros e estado da instalación
- Sistema composto dun módulo **UMES3xP** de medición e E/S, un módem **GSM/GPRS** **UGSM** e unha fonte de alimentación **FDA**
- Conexións por medio de **RJ45**, **GSM/GPRS**
- Detección de anomalías e envío de **SMS**
- Mando automático por programación interna
- Indicadores luminosos de estado e alarmas

UMES3xP

- Medición de parámetros eléctricos
- Sensado externo de corrente
- Entradas e saídas dixitais
- Detección de anomalías/incidencias

MÓDEM

- Módem de comunicacións **GSM/GPRS**